

EXERCICIOS DE REPASO

1. Crees que a superficie da Terra estivo sempre formada polos mesmos continentes? Razona a túa resposta.
2. Por que hai zonas do noso planeta nas que os terremotos son máis frecuentes?
3. Por que crees que se forman os volcáns?
4. Existe algunha relación entre os volcáns e os terremotos? Razona a túa resposta.
5. A costa oeste de África e a costa este de Sudamérica encaixan como as pezas dun quebracabezas. A que se debe isto?
6. Imaxínaste que os fondos oceánicos son grandes chairas ou que existen tamén elevacións e depresións? Razona a túa resposta.
7. Cales son as causas dos procesos xeolóxicos internos?
8. Cita catro fenómenos xeolóxicos que son consecuencia dos procesos xeolóxicos internos.
9. Que é Pangea? Cando foi que existiu? A que deu lugar?
10. Quen foi Alfred Wegener? En que consistiu a súa teoría?
11. Que tipo de probas son as seguintes? Explica o porqué
 - A - A distribución de fósiles de crocodilo do cretácico inferior exténdese por varias zonas de Asia, Sudamérica e África. Os crocodilos non emigran a través da auga salgada.
 - B - As montañas Zwartén de Sudamérica coinciden perfectamente en canto ao seu contido sedimentario con montañas do sur de Bos Aires.
 - C - A aparición de indicios de antigos glaciares na India.
 - D - O *Glossopteris* é un fento fósil que podía acadar dez metros de altura e aparece preto dos glaciares en África, Sudamérica e Australia.
 - E - A existencia de xacementos de carbón en Centro Europa, tendo en conta que o carbón fórmase en zonas chuviosas e cálidas.
12. É correcto afirmar que a litosfera correspóndese coa codia terrestre e a astenosfera co manto? Razona a túa resposta.
13. Enuncia a teoría da tectónica de placas.
14. Que son as correntes de convección? En que partes do interior terrestre as podemos atopar? Ensínoa axudándote dun debuxo.
15. Como se producen as correntes de convección? Que orixinan?
16. As placas tectónicas coinciden cos continentes? Razona a túa resposta.
17. Indica en que placa ou placas atópase España.
18. Debuxa os tipos de límites que hai entre placas e os seus relevos asociados.